

ACORDO DE INVESTIDURA

## COMPROMISOS DE FUTURO PARA MOS



Alberto Barreiro, Sara Samartín,  
Néstor Rego e Gustavo Barcia

**O deputado Néstor Rego visitou Mos para explicar os compromisos adquiridos polo goberno do Estado para obter o apoio do BNG á investidura**

**A reforma da A-55 ou a mellora da seguridade viaria na N-550 son algunhas das medidas que beneficiarán de maneira directa á veciñanza de Mos**

O acordo asinado entre BNG e PSOE, o pasado mes de novembro, para facilitar a investidura de Pedro Sánchez como presidente do Goberno do Estado traducirase en medidas concretas que terán incidencia directa na calidade de vida da veciñanza de Mos.

O deputado nacionalista Néstor Rego mantivo un encontro co Consello Local do BNG para explicar os puntos máis destacados do acordo e atender as demandas específicas do noso concello ante o goberno do Estado.

O BNG obtivo o compromiso para realizar investimentos na mellora de infraestruturas como as autovías A-52 ou A-55 que atravesan o noso termo municipal e tamén nun estudo para mellorar a seguridade viaria na N-550.

A aplicación de novos descontos nas peaxes da AP-9, a implantación de liñas de tren de proximidade, o reforzo do investimento en benestar social ou a ampliación dos permisos de paternidade e maternidade figuran tamén entre os compromisos adquiridos co BNG.

### ALGÚNS DOS PUNTOS MÁIS DESTACADOS DO ACORDO



MELLORAS NAS  
AUTOVÍAS A-55 E  
A-52



ESTUDOS DE  
SEGURIDADE  
VIARIA NA N-550



NOVOS  
DESCONTOS NAS  
PEAXES



IMPLANTACIÓN  
DO TREN DE  
PROXIMIDADE



INVESTIMENTO  
EN BENESTAR  
SOCIAL



PERMISOS DE  
PATERNIDADE E  
MATERNIDADE

# O PP dispara o gasto en soldos do goberno e cargos a dedo

Coa última reestruturación do goberno, Nidia Arévalo creou o cargo de "secretario da alcaldía" e unha nova dedicación parcial

O gasto incrementouse nun 36% en catro anos "de forma totalmente inxustificada", en opinión de Gustavo Barcia

Co inicio do mandato 2023-2027, o PP aprobou un novo incremento dos soldos do equipo de goberno coa asignación dunha nova dedicación parcial que viña sumarse ás cinco exclusivas que xa aprobaran a mediados do mandato anterior. Atendendo á precaria situación das arcas municipais, o BNG votou en contra e o portavoz nacionalista no Concello, Gustavo Barcia, denunciou que se trataba dunha decisión "totalmente inxustificada".

Tralas eleccións xerais, Nidia Arévalo renunciou aos 50.000€ do soldo da alcaldía para quedar cos 70.000€ do Senado, pero isto non supuxo, nin moito menos, unha redución do gasto. No pasado mes de outubro, o PP de Mos autoconcedeu un novo incremento salarial coa asignación dunha nova dedicación parcial e a creación do cargo de "secretario da alcaldía". Xusto un mes despois, aprobaron no pleno unha suba de impostos para o ano 2024.

## UNHA SUBA DE IMPOSTOS "INXUSTIFICADA E INADMISIBLE"



Gustavo Barcia

### EVOLUCIÓN DO GASTO ANUAL EN SOLDOS DO GOBERNO E PERSOAL DE CONFIANZA

XULLO 2019

INICIO DO MANDATO 2019-2023

SOLDOS DO GOBERNO  
144.562,96€



PERSOAL DE CONFIANZA  
34.684,50€



TOTAL  
179.247,46€

ABRIL 2021

APROBACIÓN DA 5ª DEDICACIÓN EXCLUSIVA

SOLDOS DO GOBERNO  
176.362,96€



PERSOAL DE CONFIANZA  
34.684,50€



TOTAL  
211.047,46€

XULLO 2023

INICIO DO MANDATO 2023-2027

SOLDOS DO GOBERNO  
198.462,96€



PERSOAL DE CONFIANZA  
33.670,46€



TOTAL  
232.133,42€

OUTUBRO 2023

REESTRUTURACIÓN DO GOBERNO

SOLDOS DO GOBERNO  
173.150,00€



PERSOAL DE CONFIANZA  
70.598,98€



TOTAL  
243.748,98€

No pleno do mes de setembro, a concelleira de Facenda, Felisa Rodríguez, recoñeceu a existencia dun buraco dun millón de euros nas arcas municipais pero asegurou, solememente, que "os moseses non poderían asumir unha suba de impostos". Un mes despois a mesma concelleira defendía uns orzamentos para 2024 nos que se contemplan cuantiosos incrementos do IBI Urbano, das taxas dos servizos municipais e da recadación por multas, entre outros conceptos. O portavoz do BNG, Gustavo Barcia, cualificou esta suba de "inxustificada e inadmisíbel" e indicou que "o goberno do PP, despois de baleirar as arcas do Concello, pretende que a veciñanza asuma a súa suba de soldos e o elevadísimo custo da súa nefasta xestión económica".

### EN BREVE

#### Aprobada a moción do BNG para garantir a inclusión social

A concelleira nacionalista Sara Samartín presentou no pleno do Concello unha moción para suprimir barreiras de comunicación na xestión de trámites municipais e nos eventos de lecer, introducindo o uso de pictogramas ou simplificando a linguaxe da Administración, entre outras medidas. A proposta contou co apoio unánime da corporación municipal.

#### Retiran unha árbore caída no río Louro tras a denuncia do BNG en redes

Durante máis de seis meses, unha enorme árbore permaneceu caída sobre o curso do Louro sen que ningunha administración se fixera cargo da súa retirada.

A situación non cambiou ata o pasado mes de outubro tras a publicación, nas redes sociais do BNG, dun vídeo no que o concelleiro Alberto Barreiro denunciaba o "total abandono" das marxes do río.

#### Preocupación pola falta de rigor na reforma de infraestruturas

Tras manter reunións con distintos colectivos veciñais, o BNG puido constatar o malestar derivado da reforma da estrada provincial Mos-Puxeiros. Hai consenso en que se trata dun proxecto pouco ambicioso e o portavoz nacionalista, Gustavo Barcia, advertiu sobre as "chapuzas" que xa promoveu o goberno do PP noutras vías como a estrada de Lourió, en Torroso.

## PREOCUPANTE ABANDONO DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN

A deputada do BNG Alexandra Fernández presentou, no Parlamento Galego, unha serie de iniciativas para facer fronte á saturación do IES de Mos e as graves carencias e deficiencias nas instalacións dos colexios públicos.

A deputada denunciou os “anos de desleixo” por parte da Administración galega e advertiu de que as infraestruturas de moitos centros educativos están quedando “obsoletas ou inutilizables polo abandono da Xunta”.

O portavoz nacionalista no Concello, Gustavo Barcia, indicou ademais, que as asociacións de nais e pais levan anos denunciando estes problemas.

### 25-N



Con motivo do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra a Muller, o BNG de Mos organizou unha charla, dirixida pola traballadora social Sara Da Silva, centrada nos “micromachismos”, todos aqueles comportamentos da vida diaria que constitúen, consciente ou inconscientemente, actos cotiáns de violencia machista.



Ana Miranda e Gustavo Barcia, no encontro celebrado nas Pedriñas

## O BNG activa todos os mecanismos institucionais para frear o pelotazo

Gustavo Barcia presentou na Delegación da Xunta as alegacións do BNG á declaración de Interese Autonómico

A eurodeputada Ana Miranda comprométese, nun encontro nas Pedriñas, a denunciar aos especuladores en Bruxelas

O pasado mes de setembro, o BNG de Mos acudiu á delegación da Xunta en Vigo, xunto a representantes do movemento veciñal, e presentou as súas alegacións á declaración de interese autonómico do macroproyecto urbanístico promovido polos propietarios do Real Club Celta, ao entender que atenta gravemente contra os intereses públicos e que toda a

tramitación do proxecto estivo inzada de irregularidades.

A acción institucional do BNG desprégase en todos os ámbitos administrativos para frear o pelotazo, tamén a nivel europeo. A eurodeputada nacionalista Ana Miranda mantivo un encontro nas pedriñas onde se comprometeu a levar a Bruxelas a defensa do monte e a auga de Mos.

## DIÁLOGO PARA GARANTIR A PERMANENCIA DE EMPREGOS

Ante as negociacións abertas entre COPO e a Comunidade de Montes de Tameiga para a renovación do contrato de arrendamento da parcela onde a empresa desenvolve a súa actividade, o BNG reiterou a súa proposta para crear unha mesa de diálogo onde o Concello exerza un papel de mediación. A iniciativa foi

rexeitada polo PP de Nidia Arévalo, quen persiste na súa negativa a escoitar a unha das partes implicadas e considerar abertamente “non grata” á entidade veciñal. Esta actitude “sectaria e irresponsable”, en opinión de Gustavo Barcia, “pon en risco a permanencia de decenas de postos de traballo no noso concello”.

## O BNG procura solucións para o caos de tráfico en Sanguñeda

A recente apertura dun novo establecemento comercial non fixo máis que agravar os problemas de tráfico en Sanguñeda. As retencións acadaron cotas insoportables nunha zona especialmente sensible, onde coinciden os accesos ás autovías A-52 e A-55 xunto á entrada ao centro urbano do Porriño, pero o goberno municipal xa deixou claro que non pensa adoptar ningunha medida para solucionar o problema.

Ante a inacción do PP, o BNG convocou un encontro coa veciñanza preocupada polo colapso da rotonda do Costilleta, a Avenida de Sanguñeda e a Estrada Segundo Pampillón. Do mesmo modo, tamén se celebrou un encontro co Consello Local do BNG do Porriño onde se abordou a necesidade de elaborar un estudo de tráfico conxunto entre os dous concellos, adoptar medidas concretas para mellorar a seguridade viaria e poñer límites á construción de novas áreas comerciais e industriais.



Reunión conxunta do BNG de Mos e do Porriño

## ANA PONTÓN

Portavoz Nacional do BNG e candidata á presidencia da Xunta de Galiza

# "É o momento do cambio galego, de facer que o BNG governe a Xunta de Galiza"



## Como valora o BNG o actual momento político e social?

Con moita esperanza. No BNG vimos de negociar e de asinar co PSOE un acordo de investidura moi favorábel para a sociedade galega. Consequimos para Galiza tren de proximidade, rebaixas na AP9 e A53, transferencia de competencias, defensa do autogoberno... Mentres Rueda vai a Madrid para recibir consignas da xunta directiva do PP, nós imos para mellorar a vida dos galegos e das galegas.

Por outra banda estamos ás portas dunhas eleccións galegas que son unha oportunidade histórica. É perfectamente posíbel sacar ao PP da Xunta. Temos o reto de facer realidade o cambio galego e conseguir que a Xunta de Galiza estea liderada polo BNG.

## A nivel social a crise de prezos segue causando estragos...

Certo, si. A cesta da compra, a vivenda, a precariedade laboral, a sanidade.. son os temas que máis preocupan aos galegos e galegas neste momento. Galiza é un país rico en

recursos, mais a Xunta do PP goberna en favor das grandes empresas amigas, non en beneficio do desenvolvemento económico e da calidade de vida do noso país. Precisamos poñer os recursos galegos ao servizo da sociedade galega, para garantir bos servizos públicos e crear emprego de calidade. Hai que poñer fin ao espolio económico de Galiza, dos que a invasión eólica é un exemplo.

## E en poucos meses, Galiza vai ter que escoller entre un goberno de Rueda ou un goberno de Ana Pontón.

Certo, vai ser unha escolla entre dous modelos. O modelo do PP xa o coñecemos: dicir si ao que ordene Madrid e gobernar para que Ence ou Iberdrola aumenten beneficios a costa do espolio de Galiza. Nós queremos unha Galiza forte e con futuro. Queremos unha Galiza con industria, con emprego de calidade, cunha Xunta que faga valer os intereses do país. É o momento de crear unha grande onda de cambio, ao redor do BNG, para abrir un tempo novo que faga avanzar Galiza.



# BOAS FESTAS!

O grupo municipal do BNG de Mos e todas as persoas que formamos parte do Consello Local queremos expresarche os nosos mellores desexos para este Nadal e para un ano 2024 que afrontamos coa maior das ilusións. **Veñen tempos bonitos!**

## Contacta co BNG!

☎ 608 08 83 83

📷 @bngdemos

🌐 mos.bng.gal

✉ mos@bng.gal

🐦 @bngdemos

📘 BNG de Mos